

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION ORDINARIA DO 5 DE SETEMBRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. PARTIDO POPULAR

Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Bernárdez de Dios, Antonio
Bravo Bosch, M^a José
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, M^a Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio J.
Porro Martínez, M^a Corina
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e sete minutos do día cinco de setembro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, López-Chaves Castro, Porro Martínez, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE

AGOSTO, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno ordinario convocado por orde do día do primeiro de setembro que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Constatamos quórum. Ábrese sesión pública e procedemos coa orde do día.

0.1.- (153).- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DON PABLO BEIRO DIZ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 5 de agosto de 2011, Rexistro Xeral de saída do día 9 do mesmo mes, o Vicepresidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleiro do Concello de Vigo a D. Pablo José Beiro Diz, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 22 de maio de 2011, en substitución por renuncia de dona M^a Corina Porro Martínez.

Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, o Sr. Beiro Diz procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:

SR. BEIRO DIZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade al Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto da Autonomía de Galicia,

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, D. Pablo, benvido de novo a esta Corporación.

0.2.- (154).- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DONA MARÍA ÁNGELES GARCÍA MÍGUEZ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 5 de agosto de 2011, Rexistro Xeral de saída do día 6 do mesmo mes, o Vicepresidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleira do Concello de Vigo a D^a María Ángeles García Míguez, por estar incluída na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 22 de maio de 2011, en substitución por renuncia de don Ignacio López-Chaves Castro.

Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, a Sra. García Míguez procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade al Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto da Autonomía de Galicia.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Míguez, benvida de novo a esta Corporación. Desexámoslles ós dous moita fortuna no desenvolvemento da súa función.

TRADÚCESE Ó GALEGO NA PRESENTE ACTA OS XURAMENTOS FEITOS EN CASTELÁN POLO SR. BEIRO DIZ E MÁIS POLA SRA. GARCÍA MÍGUEZ EN CUMPRIMENTO DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA 5/1997, DO 22 DE XULLO, E ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, BOP 17.05.89.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (155). ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 11 E 16.06.11 E 08.07.11)

Non entran en votación o Sr. Beiro Diz e a Sra. García Míguez, por non ter estado presentes nas sesións correspondentes ás actas que se aproban.

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas

S. Ordinaria 05.09.11

correspondentes á sesión constitutiva do 11 de xuño, sesión extraordinaria do 16 de xuño e extraordinaria do 8 de xullo.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se formulan.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN

3.1.- (156).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA PAGAMENTO DE OBRIGAS. EXPTE. 7168/540 (266/1101).

ANTECEDENTES.- O Tesoureiro municipal, con data 7 de xuño de 2011, emite o seguinte informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pagamento das obrigas do Concello de Vigo previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

A estes efectos, o apartado 4º do artigo 200 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, establece que *“A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4, e, se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pago equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercancías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase desde devandita data de recepción ou prestación.”*

Agora ben, segundo o disposto na disposición transitoria oitava da citada Lei de Contratos, o prazo de trinta días ao que se refire o apartado 4º do artigo 200 desta Lei aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013, pois dende o 7 de xullo de 2010, data da entrada en vigor da Lei 15/2010, e ata o 31 de decembro de 2010, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Pola súa beira, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Finalmente, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 15/2010, a Lei aplicarase a todos os contratos realizados con posterioridade á súa entrada en vigor, polo que, en aplicación da normativa transcrita, o presente informe avalía os prazos de pagamento das facturas presentadas no 1º trimestre do exercicio 2011, isto é, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de marzo do ano 2011, que supuxeron o recoñecemento dunha obriga a cargo do Concello de Vigo así como a correlativa ordenación do pagamento correspondente.

Non avalía, polo tanto, o presente informe, a tramitación e pagamento daquelas facturas rexistradas no citado trimestre das que non se tramitaran polos órganos xestores, xustificadamente ou non, os correspondentes expedientes de

recoñecemento da obriga, con independencia do seu estado de tramitación.

Baixo as premisas anteriores, os datos necesarios para a realización do presente informe foron obtidos da base de datos de xestión de expedientes, seleccionando os expedientes tipo *facturas* rexistrados no rexistro xeral dende o día 1 de xaneiro de 2011 ata o 31 de marzo de 2011 nos que conste o trámite *orde de pago*. A información sobre os prazos de pago é a que consta nas bases de datos municipais a 7 de xuño do ano 2011, data de emisión do presente informe.

Tendo en conta o exposto con anterioridade, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

INFORME:

1. Obrigas recoñecidas no 1º trimestre do ano 2011.

No 1º trimestre do ano 2011 téñense rexistrado un total de 1.798 facturas respecto das que consta a súa aprobación e posterior ordenación do pagamento, ascendendo o importe global das obrigas recoñecidas a 29.669.240,43 euros. De ditas facturas, 1.766 (98,22%) foron pagadas con anterioridade ao 7 de xuño do ano 2011, e 32 atopábanse, por diferentes motivos, pendentes de pagamento en dita data.

2. Obrigas pagadas en prazo.

Polo que respecta ás facturas aboadas, un total de 1.464 facturas (82,90% do total), cuxo importe total ascende a 21.885.367,07 euros (que representa o 73,92% do importe total) foron pagadas dentro do prazo legal de 50 días establecido na Lei de Contratos do Sector Público.

3. Obrigas pagadas fora de prazo.

Pola contra, en 302 ocasións (17,10%) por un importe total de 7.719.547,14 euros (26,08% do importe total), o pagamento realizouse nun prazo superior a 50 días desde a data na que tivo entrada a correspondente factura no rexistro xeral, incumpríndose deste xeito a obriga de aboar o prezo no prazo establecido na Lei de Contratos do Sector Público.

4. Información sobre os prazos de pagamento.

Con respecto ós prazos de pagamento das obriga satisfeitas, poden observarse resumidamente no cadro seguinte:

PRAZOS DE PAGAMENTO DAS OBRIGAS	Nº FACT.	%	IMPORTE	%
---------------------------------	----------	---	---------	---

IGUAL OU INFERIOR A 30 DÍAS	532	30,12%	12.206.523,10 €	41,23%
ENTRE 31 E 40 DÍAS	572	32,39%	3.609.611,65 €	12,19%
ENTRE 41 E 50 DÍAS	360	20,39%	6.069.232,32 €	20,50%
ENTRE 51 E 65 DÍAS	179	10,14%	4.212.519,39 €	14,23%
ENTRE 66 E 80 DÍAS	70	3,96%	3.023.123,31 €	10,21%
SUPERIOR A 80 DÍAS	53	3,00%	483.904,44 €	1,63%
TOTAIS	1.766	100,00%	29.604.914,21 €	100,00%

OBRIGAS PAGADAS EN PRAZO	1.464	82,90%	21.885.367,07 €	73,92%
OBRIGACIÓNS PAGADAS FÓRA DE PRAZO	302	17,10%	7.719.547,14 €	26,08%

5. Prazo medio de pagamento.

O prazo medio de pagamento durante o 1º trimestre do ano 2011, calculado dende a data de rexistro da factura no rexistro xeral do Concello ata a data do pagamento, foi de 39,75 días.

6. Obrigas pendentes de pagamento nas que se está incumprindo o prazo.

Con respecto ás obrigas pendentes de pagamento a 7 de xuño do ano 2011, nun total de 33 obrigas recoñecidas ata o 31 de marzo de 2011, por un importe global de 65.826,22 euros, estase incumprindo o prazo de 50 días establecido na DT 8ª Lei de Contratos do Sector Público para o aboamento efectivo do prezo correspondente.

Agora ben, cómpre ter en conta que destas 33 obrigacións pendentes de pagamento, 23 delas atópanse retidas como consecuencia de procedementos administrativos (premas, ...) ou xudiciais, polo que, na realidade, podemos afirmar que unicamente no caso de 10 obrigas que importan un total de 20.552,52 euros estase a incumprir o prazo legal de pagamento.

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe deberá remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda así como á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O que poño en coñecemento da concelleira delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.”

A concelleira delegada de Economía e Facenda, na mesma data do 7 de xuño, dispón a remisión do expediente á Secretaría Xeral do Pleno para a súa inclusión na orde do día da vindeira sesión que teña lugar.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 29 de agosto de 2011, tomou coñecemento do presente expediente.

S. Ordinaria 05.09.11

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A Lei 15/2010, do 5 de xullo, establece unha serie de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Dispón tamén que sexan as tesourerías das Corporacións locais as que elaboren un informe dirixido ó Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos da citada lei para o pagamento das obrigas das entidades locais. De acordo coa devandita lei, para o ano 2011 establécese que o prazo no que as administracións teñen que facer fronte ós pagamentos das súas obrigas é de cincuenta días.

Pois ben, no informe de Tesourería establécese ou queda confirmado que o prazo medio do pagamento no primeiro trimestre do ano 2011 é de 39,75 días. Polo tanto este Concello está pagando once días por debaixo do que lle require a lei.

De novo o Concello de Vigo está sendo exemplo, unha vez máis, da boa xestión porque é quen de establecer uns pagamentos ós seus provedores en trinta e nove días cando a lei os fixa en cincuenta días. Pero non só iso, senón que somos capaces de pagar en menos de trinta días o 50% das facturas. En total neste trimestre efectuáronse pagamentos por trinta millóns de euros e deles máis de doce millóns pagáronse en menos de trinta días.

Este é un bo dato do Concello, é un bo dato para a cidade de Vigo porque nun momento coma o actual cando moitas empresas teñen dificultades de liquidez, o Concello é capaz de enfrontar eses pagamentos con extrema rapidez.

Dende aquí, unha vez máis o Concello volve ser un exemplo de celeridade, de xestión, demostrando esa capacidade de facer fronte ós seus provedores, pero tamén dun estado de liquidez que lle permite facer fronte a estes pagos mesmo en menos de trinta días.

SRA. BRAVO BOSCH: Non cabe dúbida que as referencias legislativas que fixo a concelleira de Facenda son precisas e concretas pero, independentemente dese cumprimento, vimos que algunhas débedas non se pagaron dentro dese prazo legal.

Con todo, ante un informe trimestral da Tesourería, como é preceptivo, temos que salienta algo da páxina 2 cando di que “non avalía polo tanto o presente

informe a tramitación e pagamento daquelas facturas rexistradas no citado trimestre das que non se tramitaran polos órganos xestores xustificadamente ou non os correspondentes expedientes de recoñecemento e obriga, con independencia do seu estado de tramitación”.

Pois ben, este grupo Popular o que quere saber e solicita é, que facturas existen sen tramitar? Que facturas rexistradas no Rexistro Xeral e que teñen a súa orde de pagamento están aínda pendentes? A información sobre estas facturas rexistradas que non se tramitaran polos órganos xestores e os seus correspondentes expedientes de recoñecemento é o que a nós nos preocupa, non o que está no papel. É evidente que o papel o soporta todo, que os pagamentos se van realizando aínda que, malia o que dixo a concelleira, no punto número 3 da páxina 3, nas obrigas pagadas fóra de prazo consta que en trescentas dúas ocasións, ou sexa un 17,10%, incúmprese a obriga de aboar o prezo no prazo establecido na Lei de contratos do sector público.

Á vista do presente o que pide o Partido Popular é precisamente claridade e información. Dicíao hai poucos minutos o Valedor do Cidadán, o que teñen os cidadáns é dereito á información, dereito a coñecer o que realmente lles afecta. O que queremos saber non é o que vostedes teñen reflectido nos papeis, senón o que nos ven dicir o tesoureiro no seu correspondente informe: que facturas existen sen tramitar, que facturas corresponden a pagamentos que se deberían ter activado e aínda non temos a información precisa.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O informe é claro. Non hai ningunha porque senón o diría, porque todos os expedientes que se tramitan por recoñecemento pasarían por Xunta de Goberno ou por Pleno e non pasou ningún, polo tanto non hai.

Léase ben o informe porque con respecto a esas facturas que di que son só trinta e tres abonadas fóra de prazo, di que están retidas como consecuencia de procedementos administrativos ou previos ou xudiciais, é dicir, por causas externas a este Concello. Foi un xuíz quen mandou reter esa factura e polo tanto non é un trámite dependente do Concello, di polo tanto claramente que o Concello está cumprindo coas súas obrigas nun prazo de trinta e nove días nun momento en que os concellos, sobre todo os do Partido Popular, non cumpren nin

presentan os informes de Tesourería.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

3.2.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2011. EXPTE. 101813/140 (267/1101).

INTERVENCIÓN DA SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos neste Pleno para falar de algo que non lle vai gustar ó PP e onde se sente especialmente incómodo que é o estado de execución dos orzamentos. Estamos falando do primeiro semestre de 2011, polo estamos falando do orzamento que se aprobou sendo alcalde Abel Caballero e tenente de alcalde Santiago Domínguez e correspóndese a eses primeiros seis meses desa lexislatura. Digo que o PP se vai sentir especialmente incómodo porque estamos falando de transparencia, de xestión e de realidade.

O estado de execución é a proba da xestión, de como o goberno xestiona os recursos, os tributos dos cidadáns e como llos devolve con prestacións, servizos, investimentos; en definitiva con maior benestar e coa xeración de emprego.

Os datos unha vez máis volven ser claros e contundentes. O orzamento final situouse en 265 millóns de euros; un 56% dese orzamento xa está executado, o 47% dos investimentos executados, o 54% das axudas concedidas, o 99% dos pagamentos realizados, demostrando novamente o bo estado da tesourería, 22 millóns de euros en obras realizadas, 18 millóns de euros en axudas. Isto só en seis meses. Estas son só algunhas das cifras, cifras que amosan realidades.

O Partido Popular dirá unha vez máis que nos repetimos. Si, repetímonos porque dende o primeiro día se traballou polos cidadáns ofrecéndolles servizos, obras e xerando emprego.

Unha vez máis temos que falar, tal e como se recolle aquí, de humanizacións por toda a cidade dende Teis ata Coia, pasando polo Calvario, por Casablanca, pola Gran Vía. Pero tamén fala das bolsas de inglés para os nosos estudantes, que a Xunta non está dando ningunha. Fala tamén da reforma que se fixo nos plans de

emprego para que entraran en mellores condicións no mercado, tamén dos parques infantís que se fixeron por toda a cidade, das pistas deportivas, dos bio-saudables, da asistencia domiciliaria ós nosos maiores, das bolsas de comedor que dobran as do Partido Popular, da recuperación do Casco Vello, tamén da recuperación das nosas praias como as da ETEA, dos bancos para os nosos maiores, do comercio do turismo, das garderías, das novas beirarrúas no rural, das rozas das gabias no Lagares, nos asfaltados.

Estas son só algunhas das cifras e algúns dos feitos...

A Sra. Díaz Vázquez foi interrompida en varias ocasións por berros do público asistente á sesión pertencente ao colectivo de traballadores de Linorsa. Logo de varias chamadas á orde pola Presidencia, sendo as nove horas e cincuenta minutos, a Alcaldía-Presidencia suspende a sesión en tanto non se restablezan as condicións de orde necesarias. Continúase a sesión ás dez horas e vinte minutos, continuando no uso da palabra a Sra. Díaz Vázquez.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Como ía dicindo estamos a falar do estado de execución do primeiro semestre do presuposto do ano 2011 e falabamos dalgúns datos e cifras que estaban tras do citado presuposto que era o cuarto aprobado durante catro anos seguidos. É un presuposto no que se aposta pola educación, polo social, polos investimentos, en definitiva pola xeración de emprego. Ese era o obxectivo principal que motivou ese cuarto presuposto.

As dez horas e vinteún minutos, a Presidencia manifesta que, ante a situación provocada e dada a imposibilidade de continuar a sesión plenaria, unha vez reunida a Xunta de Voceiros, acordouse suspender o Pleno da Corporación que se convocará para o próximo xoves, día 8 de setembro, as 8,30 da mañá, co fin de rematar a sesión.

Queda pendente de tratar o resto da orde do día, cos seguintes puntos.

3.2.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2011. EXPTE. 101813/140 (267/1101).

- 3.3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE Ó ANO 2010. EXPTE. 268/1101.
- 3.4.- INCREMENTO DA CONTÍA GLOBAL DESTINADA A COMPLEMENTO DE INCENTIVOS Ó RENDEMENTO NO ORZAMENTO DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES. EXPTE. 10677/333 (270/1101).
- 3.5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.
- 3.6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.
- 3.7.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.
- 3.8.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS A INSTANCIA DE PARTE.
- 3.9.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABONO).
- 3.10.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES.
- 3.11.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS DE CONSTRUCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.
- 3.12.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.
- 3.13.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.
- 3.14.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO.
- 3.15.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INSPECCIÓN SANITARIA E OS DE ANÁLISES QUÍMICAS, BACTERIOLÓXICAS E CALQUERA OUTRAS DA MESMA NATUREZA.

- 3.16.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO.
- 3.17.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE LIMPEZA DE POZOS NEGROS, FOSAS SÉPTICAS, SOLARES, E SERVIZOS SIMILARES ASÍ COMO A RECEPCIÓN DE RESIDUOS NA PLANTA DE TRANSFERENCIA.
- 3.18.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.
- 3.19.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON INSTALACIÓN DE QUIOSCOS.
- 3.20.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA VÍA PÚBLICA E, EN XERAL, EN BENS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL, AUTORIZADOS AO AMPARO DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA NA VÍA PÚBLICA E ESPAZOS ABERTOS.
- 3.21.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RÚAS MUNICIPAIS.
- 3.22.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO.
- 3.23.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓN.
- 3.24.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS QUE PRESTA O ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGOZOO A TRAVÉS DO SEU PARQUE ZOOLOXICO.
- 3.25.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.
- 3.26.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN

ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

3.27.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES O "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

3.28.- RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR DON ANGEL COMESAÑA PÉREZ CONTRA ACORDO PLENARIO DO 05.04.11 DE DESAFECTACIÓN TRAMO RAMAL 5 DA ESTRADA DE FRAGOSELO. EXPTE. 18822/240 (136/1101)

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REALIZAR UN PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A HUMANIZACIÓN DE RÚAS. EXPTE. 249/1101.

5.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DUN FONDO DE COOPERACIÓN ECONÓMICA PARA OS CONCELLOS. EXPTE. 269/1101.

5.3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RESTITUCIÓN DO TRANSPORTE SANITARIO EN VIGO. EXPTE. 272/1101.

5.4.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO SE TOMEN MEDIDAS DE APOIO Á FUNDACIÓN BANCO DE ALIMENTOS. EXPTE. 242/1101.

6.- ASUNTOS URXENTES.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

1.2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

1.3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO 01.08.2011 DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE MODIFICACIÓN DE ANTERIOR RESOLUCIÓN DO 13.06.2011 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS.

- 1.4.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO 09.08.11 DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.
- 1.5.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS TEMPORAL DE COMPETENCIAS:
- A) DO 04.08.11 NA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, IGUALDADE E XUVENTUDE..
 - B) DO 04.08.11 NA ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA, PATRIMONIO E EDUCACIÓN.
 - C) DO 05.08.11 NA ÁREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO.
 - d) DO 05.08.11 NA ÁREA DE FOMENTO.
 - E) DO 19.08.11 NA ÁREA MOBILIDADE, SEGURIDADE, TRANSPORTES E XESTIÓN MUNICIPAL.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

4.- MOCIÓNS.

- 4.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO MICROBÚS ELÉCTRICO E DO SERVIZO DE COIDADORES DO CASCO VELLO. EXPTE. 280/1101
- 4.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO SE POÑAN EN PRÁCTICA MEDIDAS PARA QUE O MICROBÚS ELÉCTRICO POIDA SEGUIR A PRESTAR SERVIZO. EXPTE. 273/1101.
- 4.3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A RETIRADA DOS CARTEIS DOA LENDA "ALCALDÍA" E RESTITUCIÓN DA LENDA "CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 274/1101.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e vinte e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD

S. Ordinaria 05.09.11

2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.